

—Quixera falar do que pasa cando non pasa nada, *só tempo, xente, coches, nubes...*, pero esta noite non, esta noite non podoo.

—Eu vou tamén ferido, polo maldito corpo que me obriga, polo recordo dun sol que non houbo, pola procura dunha felicidade que non hai...

—Non quero que me fales, ou si, non sei se esta noite podería soportar que me falases, ti ou calquera. Non me interesas: nin ti nin ninguén. O mundo é grande de máis e está tan poboado!

—Estamos sós e lonxe e todos dormen. Non temos máis opción; nós non durmimos. Aínda que eu non desexe, en realidade, falar contigo; aínda que ti non desexes, con certeza, falar con ninguén. Estás no meu campo de visión e eu no teu, non hai máis nada, só nós.

Achégase a ela e senta ao seu carón, sabedor de que, a certas horas, resúltanos insoportable continuar termendo dos valados.

Préndelle a man, ela óllao con sorpresa e con medo, e logo, reponéndose axiña, decide sorrir con levidade.

—Aquí estou, intentando tirarlle importancia.

—Importancia? Que é o que che doe?

Ensínalle o papel da clínica.

—Trescentos corenta euros por unha vida que non desexaba.

Algo común, algo que sucede. Cada día, cada hora. Algo normal. Pero el non ten palabras para responder e ela non sabe ben que pensar.

—Sabes? Sempre imaxinei isto como un mero trámite, algo que dar por sentado, ninguén decidiría por min. Sigo pensando o mesmo, pero esta noite o meu útero aínda sangra. Veño da cidade, non hai clínicas na vila onde eu vivo.

—Ninguén te acompaña?

—O meu home está de viaxe, deixei os nenos ao coidado da miña nai. Prefiro facer isto soa, un trámite na sombra. Pero esta noite síntome rodeada de pantasmas. Cun pé no alén, cun pé no aquén. Eu decido e intento reducir o problema á dimensión biolóxica, un gromo, unha pebida. Esmagueina, machucáronma...

—Arrepínteste agora?

—Non, non é iso. Non o desexei, non o quero, pero tomar a decisión de facelo desaparecer é algo moi grande, demasiado para min, para calquera.

—E para que traelo se todo está escuro, se non hai alegría?

—Cría que non deixaría marca, que podería arrombalo, fechalo no cartafol das continxencias, pero agora sei que isto permanece, que vai ficar unha cicatriz borrosa e perdurable, unha dor suavísima e tenaz, algo, alguén ao que dixen non, ao que pechei a porta de entrada no mundo dos vivos.

El recúa dun xeito apenas perceptible, toma distancia e míraa de novo. A muller de ollos embazados morde o cristal da súa copa, desgarrar coas mans a madeira da súa mesa mentres el imaxina a placenta esvarando paseniño, esa masa ensanguentada e brillante que bordea a bandexa metálica das olivas, que percorre os escasos centímetros de superficie ata estoupar contra o chan de baldosas.

Esa masa, ese sangue toldado, *esa constelación de pólipos que nos nutren...*

Sente ganas de golsar.

Esa animalidade, esa parte que é corpo, que é materia, fascinábao e, ao tempo, producíalle unha verdadeira repulsión. Homes e mulleres, homes saíndo de mulleres...

—Non quero pensar —di ela—, nin sequera lle dei tempo a ser imaxinado, ningunha proxección, só profilaxe...

Pero agora ela pensa nos seus mortos, unha e outra vez pensa neles, nese magma estraño a onde, está segura, reverteron. Un remuíño eléctrico, unha tropa de nubes. E pensa nos soles, nas lúas e as eclipses, nas chuvias, a calor e os campos, na total e continua apertura á extenuante, monstruosa perpetuación da vida. Velaí está, por tras de nós, por riba e dentro, rebentando o asfalto na selva do Amazonas. Non podemos parala, non, velaí está: presionando os que alentamos.

—Eles son a maioría, non o entendes? Os que xa non son e os que están por vir, a mesma forza escura e poderosa que ameaza decontino con varrernos.

El busca argumentos racionais. Demasiadas bocas, demasiado gasto, mil millóns de chineses deforestando os bosques para limpar o cu con papel satinado, a gasolina de centos de millóns de hindús furando o ceo. Recordou ter afogado gatos baixo a billa, cinco gatos negros, a pel aínda recuberta de graxa materna, os ollos aínda velados. Lembrou a sensación de horror e, tamén, a terrible seguridade na súa man de verdugo. Aqueles fociños minúsculos, aquelas bocas que se abrían. Fixo que a auga entrase nos seus pulmóns rosados mentres se preguntaba se aqueles seres minúsculos sabían que morrían, se tiñan a certeza de que precisaban aire para desapegar os ollos, para miañar de fame. Foron tan lixeiras as convulsións, tan breve e suave o tránsito que lembrou pensar na indiferenza, na total falta de necesidade, no azar e o caos. Non houbo clemencia, ningún trasacordo, pero cando os corpos pequenos ficaron aboiando na tona da auga percibiu unha calidade máis grave de silencio.

—Vós sodes tan limpos, o voso sexo non cheira. A sucidade da fábrica, a dor da orixe non vai con vós!

—Non tes dereito a deixarnos á marxe, *nós tamén navegamos*.

—Pode, pero, acaso coñeches algunha vez a sensación de ser un terreo chaguazoso? Porque eu si, eu si que coñezo esa sensación de marasmo líquido, de fenda húmida da que se agarda paciencia, só iso, paciencia. Deixarse ir, que o tempo complete o seu efecto, deixar que pasen lúas, que a natureza obre, que a célula se parta e multiplique, que o interior se ensanche, que iso se adhira ás paredes das túas vísceras, que che deixe sen aire, sen sangue, dentro un ser que non es ti, alguén que te espreita, que se forma ás alcandadas, que toma medidas do teu corpo, que te espía. Maldita lesma miserable!

A muller ergue en exceso o ton de voz e a pucharca na ollada reborda, precisaba iso, deixar de conter o urro, a bágoa. Alentada polo alcohol, prendida pola conversa, arrebola as súas mans contra o corpo dese home ao que non coñece.

El apura o vaso e amárraa con forza, sácaa de alí, retíraa do escenario vulgar, da ollada cansa e mesquiña do camarero da quenda de noite, da asustada mirada da viaxeira que acaba de chegar atecida e exhausta. Unha loura en bikini calza luvas de boxeo rosa na pantalla.

Sácaa fóra, amarrada polas costas, á procura de aire, de limpa levidade. Zoa o vento, as aciñeiras bailan ao carón dunha fita de auga branca, a pantasma do trigo da derradeira colleita vaga sobre os campos largacíos: unha inmensidade lunar esta chaira, un molde baleiro.

Alí, no medio de ningures, cos pés xeados na terra rota, abrázanse e pensan no pouco que comprenden, na angustia e no desexo. E, acompasados, deciden selar unha especial intimidade mexando xuntos no medio da noite sobre os cañotos da restreba. Home e muller convertidos en cor-

pos indistintos, en vexigas que supuran, vasos comunicantes que conforman un río de alcohol turbio e marelo.

Ao anicarse, ela pensa en todo o que foxe por aquel regato húmido e cre albiscar o corpo viscoso do non nacido, o abrocho deforme nadando na espuma do detrito.

Logo, respiran fondo todo o aire frío que poden, queren lavarse por dentro, queren máis tersura na súa carne fatigada. Por un intre conseguen estar aí, xusto no presente, co aire frío e os pés xeados e a bóveda celeste esmagándoos contra a terra.

Rin, bícanse con suave verdade e volven.